

Aventura virtual

A bride os ollos, imos de viaxe!” figura na contraportada dun dos seis volumes que Everest Galicia presenta na colección “Montaña Encantada”, destinada neste caso aos primeiros lectores e perfectamente extensible a nenos maiores, porque o conta pode ser de interese para un público ben amplo. E certamente trátase dunha dobre viaxe: dos seis volumes que fan un percorrido por diferentes comarcas de Galicia (Vigo, A Coruña, Ortegal, Deza, Salnés e Quiroga) e, dentro de cada un, un paseo polos puntos máis significativos da zona.

A *videoconsola* amosa a aventura duns rapaces pola Comarca de Vigo, aventura virtual á que chegan tras accionar un botón da *videoconsola*; porén, os lugares que visitan son ben reais e de cada un deles van coñecendo datos históricos, curiosidades gastronómicas, edificios emblemáticos da zona ou anécdotas que en-

Coñecendo o entorno



MARÍA NAVARRO



chen de emoción as páxinas dun volume no que se combina a fotografía coa ilustración que realiza Lino Sánchez e que presenta O Castelo de Baiona, a Virxe da Rocha, a Ponte da Ramallosa, a Illa de San Simón ou a Praia do Vao, Castrelos, O Castro, O Berbés ou Bouzas en Vigo, ademais dos concellos de Re-

dondela, O Porriño, Redondela ou Soutomaior.

A colección feita por María Reimóndez supón unha interesante achega á xeografía, a historia, a arquitectura de diferentes zonas da nosa Comunidade, unha maneira de acercarlles aos rapaces xoias do noso patrimonio cultural e a forma de facelo é ben novidosa. Uns rapaces, Brais e Uxía, acompañados unas veces por Ulises e outras por diferentes compañeiros, os que tentan darlle unidade ao texto, lanzándose á aventura e á procura de novos lugares. Porén, a medida que avanza a historia parece que vai perdendo forza a narración e o texto convértese nunha simple enumeración de lugares, onde a autora vai dun sitio a outro sen aparente conexión e co único

fío condutor dos personaxes ficticios que, ás veces, semellan alleos á percorrido cando eles foran elixidos como protagonistas e animadores de tal paseo.

REIMÓNDEZ, María, *A videoconsola*, Ed. Everest Galicia, A Coruña, 2007, 48 páxinas